
Cinco Operadoras fundarán O GALNIX

- Actualizado (12.09.2005)

Cinco operadoras de telecomunicacións con ampla implantación en Galicia únense para crear o punto neutro galego para intercambio de tráfico de Internet, GALNIX (Galician Neutral Internet Exchange). Estas cinco operadoras xestionan boa parte do volume de tráfico de Internet xerado polos internautas, empresas e institucións en Galicia.

Comunitel, Jazztel, R, Retevisión e Cesga son os pioneiros tecnolóxicos que traballan xuntos para facer realidade esta iniciativa xurdida ao amparo do Foro SI-Galicia (Foro para a Extensión da Sociedade da Información en Galicia) que lidera a Secretaría Xeral de Investigación e Desenvolvemento.

As cinco operadoras elaboraron o texto do Convenio de Constitución do GALNIX en reunión celebrada o pasado mércores, 30 de xaneiro. Os cinco socios fundadores de GALNIX acordaron asinar o convenio de constitución ao longo do actual mes de febreiro. Así, prevese que GALNIX comence a dar servizo a internautas, empresas e institucións galegas ao longo deste ano.

A posta en marcha de GALNIX beneficiará de xeito decisivo aos cidadáns, empresas e institucións que fan uso de Internet en Galicia. Todos eles notarán unha sensible mellora nos tempos de acceso a servizos de Internet aloxados en Galicia.

Unha infraestrutura aberta

GALNIX créase, tal coma describe o texto do Convenio de Constitución, coma unha infraestrutura absolutamente aberta. Así, outras institucións e empresas poderán adherirse ao punto neutro galego en calquera momento. GALNIX estará físicamente instalado no Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), que se fará cargo da xestión desta infraestrutura de intercambio de tráfico de Internet.

Reaccións dende a Xunta e o Foro SI-Galicia.

Os puntos neutros están universalmente considerados coma infraestruturas da rede fundamentais para fomentar o avance da Sociedade da Información. A Secretaría Xeral de I+D valorou moi positivamente o esforzo destas operadoras e destacou o compromiso para coa sociedade galega exhibido polos cinco fundadores de GALNIX.

Miguel Angel Ríos Fernández, ao fronte desta Secretaría, manifestou a súa persoal satisfacción por ver como empresas da importancia de Comunitel, Jazztel, R e Retevisión involucranse e invisten para crear infraestruturas que faciliten a entrada de Galicia na Sociedade da Información.